

FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUIERDO, secretario da SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SA (TUSSA)

CERTIFICO:

Que o Consello de Administración de TUSSA, na sesión ordinaria que tivo lugar o 11 de marzo de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DUN EQUIPO MULTIFUNCIÓN.

PRIMEIRO: Excluir da licitación a oferta presentada pola empresa Breogán IT Solutions, SL por non presentar debidamente asinada a súa documentación, incumprindo o requirimento que a este respecto recolle o prego de aplicación na súa cláusula 13.3.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **NEA F3 IBÉRICA, SLU**, por un importe de 2.995,00 € para o equipo multifunción, de 0,00499 € para a copia en branco e negro e de 0,04200 € para a copia en cor (todos eles co IVE aparte), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

TERCEIRO: Designar ao xerente como responsable supervisor dos traballos obxecto do contrato”

Para que conste para os efectos oportunos, asino a presente certificación en Santiago de Compostela o quince de marzo dous mil dezaseis.

Visto e prace,
O PRESIDENTE

